


#SonMonte




Índice

1 Título do proxecto	3
2 Introducción	3
2.1 Xustificación do proxecto	4
2.2 Contextualización. Análise da situación sociolingüística do centro	4
3 Obxectivos	5
4 Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos	5
4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo	5
4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo	7
5 Organización, desenvolvemento e metodoloxía	11
6 Xestión e temporización	14
7 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto	15
7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas	15
7.2 Alumnado participante (curso, nivel, número)	16
7.3 Outros membros da comunidade educativa	16
8. Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto	17
9. Orzamento. Xustificación e	17

desagregación

10 Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas	18
11 Medidas de difusión	18
12 Plan de avaliación	20



1 Título do proxecto

#SonMonte

2 Introducción

2.1. Xustificación e descrición xeral do proxecto

#SonMonte é un proxecto interdisciplinario que aposta pola aprendizaxe cooperativa, de competencias e en lingua galega, artellado a partir da valorización do monte como patrimonio cultural, que abrangue unha herdanza material e inmaterial que debe ser desfrutada e protexida polas xeracións do presente e futuras. Desenvolveuse co alumnado de 1º da ESO (de entre 12 e 13 anos), como procedemento para educar na igualdade e nas competencias de carácter intelectual e socioemocional, desde as materias de Xeografía e Historia, Bioloxía e Xeoloxía e Educación Plástica, Visual e Audiovisual, coa colaboración do Equipo de Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

Esta herdanza patrimonial entronca coas formas de transmisión orais, onde as cantigas populares teñen un papel fundamental como fontes a través das cales podemos descubrir e entender expresións e valores engarzados na memoria colectiva. Por isto este proxecto é tamén unha posta en valor da comunicación interxeracional, do saber dos nosos maiores, que no ensino das cantigas á xente nova lle transmiten o seu saber sobre o significado de termos extintos ou en desuso, sobre as formas de pronuncia alleas á mocidade —onde se preservan as variantes lingüísticas da gheada ou seseo—, sobre as mensaxes agochadas no refraneiro popular ou os sentimentos que provocaron antano e hoxe estas palabras cantadas. Así, unha primeira parte do proxecto artéllase arredor da busca e recollida de letras e melodías de cantigas que falan do monte nun sentido amplo, xunto a unha serie de tarefas sobre destrezas de pensamento para orientar as accións cara ás diversas formas de sentir, coñecer e expresar o monte.

Unha segunda parte organizouse a partir do traballo de campo, con varias saídas e andainas pola contorna próxima ao centro educativo. Nestas realizáronse diversas actividades relacionadas coa procura de evidencias mencionadas nas letras de cantigas, coa recollida de plantas, follas etc., de acordo con distintos parámetros: cores, formas... para a elaboración dun caderno de campo e para traballos de deseño artístico; e tamén actividades de fotografía de elementos presentes no monte a partir de diferentes encadramentos, puntos de vista...; ou a busca e recollida de sons na natureza para a creación de ritmos presentes na música popular.

Deste xeito, adestráronse múltiples destrezas e competencias relacionadas coa investigación histórica, coa aplicación do método científico e coa creación artística e atendeuse aos distintos intereses e estilos expresivos do alumnado, procurando a inclusión e a personalización da aprendizaxe. A linguaxe escrita estivo presente no rexistro e na análise das letras das cantigas, no rexistro dos nomes científicos das plantas, na selección de información da rede ou nalgúns das pequenas actividades desenvolvidas na aula desde as diferentes materias integradas no proxecto; a linguaxe oral adestrouse a través da análise das propias fontes primarias e da posta en práctica do canto coral, que entronca coa linguaxe de servizo —na recuperación das propias fontes orais— ou coa dramatización —nas gravacións dos produtos audiovisuais—; e a linguaxe da manipulación foi crucial na creación do caderno de campo —con atención á expresión gráfico-esquemática nos procesos de clasificación de materiais—, na creación fotográfica ou no traballo con ferramentas e plataformas dixitais.

As estratexias de ensino-aprendizaxe empregadas aplicáronse mediante unha metodoloxía cooperativa e integradora, que procurase a colaboración entre os membros da comunidade educativa implicados —alumnado, profesorado, persoal non docente, familias— e fomentase a materialización dalgúns resultados mediante produtos audiovisuais de carácter artístico que amosasen os coñecementos, a creatividade e as emocións integradas no proxecto.

2.2 Contextualización.

Análise da situación sociolingüística do centro

O IES Illa de Ons localízase no núcleo urbano de Bueu, en contacto constante con outros centros poboacionais —ben por razóns de traballo, ben por razóns de ocio e cultura— como Marín e Cangas, ou coas cidades de Pontevedra e Vigo, se ben é certo que o noso alumnado procede fundamentalmente das zonas rurais pertencentes ao concello, principalmente das parroquias de San Martiño, Cela e Beluso.

En terminoloxía da sociolingüística, temos en Bueu unha situación de semibilingüismo individual, ao que se superpón un bilingüismo social de carácter conflitivo. Xa os estudos de *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (1994) sinalaban que nas franxas de idade inferiores aos 26 anos o castelán era a lingua predominante, indicio claro dun proceso de desgaleguización que leva camiño de incrementarse. Noutras palabras, estamos ante unha ruptura no proceso de transmisión interxeracional da lingua galega, de aí o noso empeño en xerar proxectos que actúen de canles entre as diferentes xeracións. A diminución do galego como lingua inicial acrecentouse desde os anos noventa e na actualidade as nais e os pais non lles transmiten o galego aos fillos e fillas como ocorrera secularmente; así, o castelán segue a ser hoxe entre a mocidade a lingua de prestixio. Estariámonos enfrontando a unha típica situación de diglosia e consecuente desgaleguización, segundo as teorías manexadas por Joshua Fishman (1972).

Malia que non haxa datos centrados exclusivamente na vila de Bueu, segundo os estudos publicados polo IGE (2013-2014), o Morrazo atópase cun 11,45 % de fogares en que todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só galego, unha porcentaxe lixeiramente superior ás das zonas en que a lingua galega está máis deturpada (Vigo, 7,48 %), pero moi lonxe das áreas xeográficas, como O Carballiño-O Ribeiro e a zona suroriental da Coruña, que superan o 52 %.

No que se refire ás destrezas lingüísticas, salienta a elevada competencia oral que existe en toda a poboación, á que non é allea a poboación escolar do IES Illa de Ons. Porén, as competencias escritas en galego non están tan xeneralizadas coma as anteriores; xa que logo, o dominio da lectura e da escritura é moito menor có das destrezas orais, sobre todo canto maior é a idade do individuo. Con respecto aos grupos sociolingüísticos que se derivan das capacidades lingüísticas e da súa práctica social, podemos salientar varios colectivos:

- Aqueles que presentan certo bilingüismo, o grupo máis numeroso e que vai en aumento. Este grupo nútrese tanto dos que teñen o galego como lingua inicial como dos que parten do castelán.
- Monolingües en castelán, cuxo grupo aumenta tamén cada día, e que se van incorporando á lingua galega só a través do ámbito escolar, de aí a importancia do noso labor docente.
- Monolingües en galego, grupo claramente en retroceso e que, no caso de Bueu, se localiza case exclusivamente nas franxas de maior idade da poboación. Algúns sectores da poboación máis nova, cun carácter excepcional, tamén se poden situar neste grupo, pero a forte presión social, das amizades e das redes sociais, fai que se vaian incorporando ao primeiro dos grupos.

En Bueu, e en toda Galicia, dáse actualmente unha situación de bilingüismo social que se exterioriza nunha distribución do uso das dúas linguas en presenza, dependendo das funcións, dos contextos e/ou do interlocutor. Dáse, polo tanto, o fenómeno que se coñece como diglosia.

Tras varias experiencias educativas neste campo, constatamos a importancia do desenvolvemento de proxectos que, de xeito directo ou indirecto, reverteren nunha consideración positiva da lingua galega cando o seu uso e coñecemento se estende a prácticas que integran a compoñente lúdica, que teñen un

carácter artístico no que as emocións ocupan un lugar central e que desbordan a aula como marco contextual de ensino-aprendizaxe. Aquí é onde situamos o presente proxecto, cun deseño que abrangue estratexias educativas moi diversas para abordar de xeito integral e interdisciplinario os “usos públicos da lingua galega”. Neste caso, a lingua galega apréndese non só como unha materia máis do currículo e como lingua vehicular para a transmisión de conceptos, senón que se incorpora ao proxecto con toda a súa forza poética. Se a isto lle engadimos que todas as actividades formativas, de dentro e de fóra do IES Illa de Ons, tamén se realizaron en galego, a mensaxe que lle chega á cativada é extraordinariamente positiva, tamén como lingua coloquial e de socialización.

Por iso, o desenvolvemento deste proxecto segue fielmente os principios da Lei de normalización lingüística e o seu Decreto 173/1982 e respecta, entre outras, as directrices gramaticais de todos os textos segundo as NOMIG aprobadas no seu día pola RAG/ILG, dá a coñecer a riqueza das variantes dialectais existentes no idioma e reivindica a lingua galega como lingua de cultura.

3 Obxectivos

O obxectivo xeral deste proxecto é promover a valorización do monte galego e da propia lingua galega como patrimonio cultural entre o alumnado de 1º da ESO, a partir da creación de diversos produtos audiovisuais de ben social e de concienciación, integrados no deseño dun proxecto interdisciplinario cuxos alicerces son o fomento da igualdade, a inclusión do alumnado con capacidades diversas, a dinamización do galego e o desenvolvemento das competencias clave na educación secundaria obrigatoria.

Co fin de acadar este obxectivo xeral, acordamos os seguintes obxectivos específicos:


- Diseñar, implementar e avaliar, desde a diferenciación curricular, unha dinámica de traballo por proxectos que sitúe a valorización do patrimonio cultural galego no centro do proceso da aprendizaxe mediante unha proposta interdisciplinaria, motivadora e lúdica.
- Potenciar metodoloxías de traballo cooperativo que fomenten o uso do galego en todos os ámbitos da comunidade escolar e en todos os ambientes relacionados co centro, a partir das posibilidades das destrezas artísticas –deseño creativo, música, canto coral– como ferramentas de aprendizaxe competencial.
- Promover o valor do galego oral como fonte histórica para favorecer a transmisión interxeracional.
- Fomentar a socialización en lingua galega a partir da creación de produtos e materiais audiovisuais, e da comunicación a través do uso das novas tecnoloxías da aprendizaxe e da comunicación.
- Fomentar actividades que potencien a reflexión, a empatía e a autoestima do alumnado mediante o debate.
- Sensibilizar os escolares sobre a protección do monte e convertelos en cidadáns e cidadás responsables coa súa contorna e en axentes de cambio capaces de promover a sustentabilidade.
- Desenvolver entre o alumnado a capacidade de tomar decisións e de asumir responsabilidades de participación e de planificación e a iniciativa persoal.

4 Actividades de desenvolvemento dos procesos de innovación en dinamización da lingua galega

Para abordar calquera proxecto interdisciplinario é preciso planificar, organizar e concretar accións entre as distintas áreas, e para iso resulta fundamental unha programación dialogada entre o equipo educativo que busque a suma das achegas de cada un dos compoñentes, en favor da integración curricular e da socialización en galego do alumnado.

4.1 Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo


A proposta estratéxica fundamental de actuación a curto prazo é a organización do centro para a posta en marcha dunha dinámica de traballo máis interdisciplinaria e cooperativa, co deseño dun plan de traballo integral, cun repartimento de tarefas consensuado e axeitado aos horarios dos diferentes departamentos participantes, e cun calendario viable de actividades. A continuación detállanse os departamentos integrados no proxecto, así como as liñas simultáneas de traballo:






4.2. Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo

As finalidades educativas deste proxecto pasan pola creación de produtos audiovisuais para a concienciación e gozo da comunidade educativa —e da sociedade— sobre o patrimonio cultural galego, focalizado na defensa do monte e na recuperación e transmisión interxeracional das cantigas populares galegas, mais estes produtos amosan o resultado dun proceso de ensino-aprendizaxe interdisciplinario, fundamentado nunha rigorosa adaptación pedagóxica e curricular. A continuación, expóñense os estándares de aprendizaxe traballados desde as materias de Xeografía e Historia, Bioloxía e Xeoloxía e Educación Plástica Visual e Audiovisual.






Detállanse a seguir algunhas das estratexias educativas encamiñadas a favorecer o desenvolvemento dos coñecementos integrados no currículo das materias e dos obxectivos establecidos no proxecto:

Estratexia 4.2.1 #PensaroMonte

Elaboración dunha chuva de ideas a partir da palabra "monte" e aplicación dunha rutina de pensamento para traballar a ideación




Cada neno/a debuxa a silueta da súa man nunha folla e asígnalle a cada dedo un sentido (ver, escoitar, sentir, pensar...). A profesora vai guiando o proceso de ideación a través das cuestións asignadas a cada sentido. 1. Dedo polgar (VEXO): Pensa na palabra bosque, que ves? Como é ese bosque? Que cores hai? Que formas? Que tipo de árbores ou plantas? Hai flores? Hai froitos? Hai fungos? Hai auga? Hai lixo? Que tipos de lixo?




Estratexia 4.2.2 #CantaroMonte

Adestramento no canto coral e gravacións vocais



Estratexia 4.2.3 #TocarMonte

Nunha das andainas realizadas nas proximidades do centro educativo, o alumnado investiga os elementos presentes no monte cos que poder crear sons percusivos: auga, paus, pedras, bugallas, piñas, follas... A idea radica en reproducir sons con elementos atopados no monte co obxecto de crear unha percusión que actúe de base musical para as voces das cantigas. Cada alumno/a grava cun dispositivo móbil os elementos percusivos xerados e achégao na tarefa correspondente da aula virtual da materia. A modo de preparación da actividade, visualízase na aula o vídeo da peza musical “Maneo do tempo” do músico galego Abe Rábade.



Estratexia 4.2.4 #FotografaroMonte

Captura de fotografías e gravacións audiovisuais de elementos naturais



Ligazón aos materiais:

<https://drive.google.com/drive/folders/13mRYj5tN3QLJGvseo6Gcx7tU4cY-fazV?usp=sharing>

O alumnado achégase ás formas naturais da nosa contorna mediante a observación destas e a apreciación dos seus detalles, valorando e respectando a riqueza do medio natural e a importancia da súa conservación. Efectuouse a captura de fotografías e gravacións audiovisuais de elementos naturais: plantas, árbores, follas, flores, froitos, bugallas... nas andainas pola redonda. Para a realización das fotografías proporcionáronse pautas en relación coa calidade da toma fotográfica, a composición (regra de terzos), os encadramentos (planos e ángulos), a profundidade e a iluminación.

Estratexia 4.2.5 #DebuxaroMonte

Apreciar a creación artística e mergullarse no proceso creativo utilizando diversos medios de expresión e representación e empregando o vocabulario técnico propio dos elementos naturais e artísticos



Ligazón aos materiais:

<https://drive.google.com/drive/folders/13r70-2t-Otil-s-P9aPe3ULbWJAXvN5O?usp=sharing>

1 O estudo das formas. Centrándose nun dos elementos naturais recollidos ou fotografados no monte, o alumnado fixo un exercicio de contemplación e análise e posteriormente representou o elemento escollido das tres formas traballadas na clase: a silueta, o contorno e o dintorno, con diferentes técnicas e sobre soportes variados.

2 O proceso creativo nun caderno de campo. Tras realizar unha serie de bosquejos sobre os exemplares que ía representar, o alumnado ilustrou o caderno de campo con detalles das plantas: follas, talo, raíz, flores, froitos... Utilizáronse principalmente técnicas secas e recalcouse a importancia da expresividade da liña e as mesturas de cor nas representacións dos diferentes elementos.

Estratexia 4.2.6 #CoñeceroMonte

Elaboración do caderno de campo e rexistro das observacións aplicadas nas andainas da contorna



Ligazón aos materiais:


<https://drive.google.com/drive/folders/149UynMIAJSw8yVAw6gD3WYqSNCqLFB6a?usp=sharing>

O alumnado buscou na rede información sobre as plantas nomeadas nas cantigas seleccionadas. Efectuouse a recollida de material na contorna próxima ao centro educativo durante as andainas organizadas (follas, bugallas, landras...). Na aula asociouse o material ás distintas especies e grupos taxonómicos estudados na materia e creouse unha ficha de recollida de información (a diversidade de nomes comúns, nome científico, características, usos e tradicións). Ademais, realizouse o prensado dos exemplares de follas recollidos e clasificados, executouse un traballo de análise das cores presentes nos exemplares extraídos do monte e investigáronse as súas múltiples causas. Por último, estableceuse unha actividade de reflexión a través dunha tormenta de ideas: O monte é... (acolledor, cultura, xeneroso, lingua, historia, lenda...), co fin de promover a xeración de ideas para os lemas dos produtos audiovisuais.

Estratexia 4.2.7 Gravacións e montaxes audiovisuais


Creación de materiais e produtos publicitarios de ben social ou de concienciación

Por un lado, realizouse a gravación das audicións das cantigas, de xeito individual e en grupo. Fixéronse gravacións nas aulas dos grupos de 1º da ESO e habilitouse un espazo illado para as gravacións individuais con micrófono. Por outro lado, efectuáronse as gravacións de vídeo nun espazo anexo á biblioteca do centro, no que se instalaron os recursos materiais necesarios para o rexistro audiovisual: focos, paneis neutros para o fondo, soportes para os iPads etc. Os alumnos e as alumnas, ademais de participaren como actores ou actrices nelas, realizaron labores de asistencia e gravación. Ademais, realizáronse diversas gravacións e capturas fotográficas sobre o proceso de elaboración dos cadernos de campo, para o deseño do segundo dos vídeos producidos.



Vídeo #SonMonte 1. O monte na memoria colectiva

<https://www.youtube.com/watch?v=yeDX8J1UkYI&t=52s>



Vídeo #SonMonte 2. E ti, que pintas no monte?

<https://www.youtube.com/watch?v=llu23UQoUnY&t=9s>


5 Organización, desenvolvemento e metodoloxía

A adaptación pedagóxica e curricular deste proxecto parte da elaboración do perfil de aula do alumnado de 1º ESO, cun total de 39 alumnas e alumnos, no cal se contemplaron os estilos de instrución, os estilos de pensamento, as habilidades cognitivas ou rendementos, as preferencias do ambiente aprendizaxe, os estilos expresivos e as áreas de interese.

Para artellar o proxecto desde as áreas disciplinarias mencionadas decidimos centrar a análise en dous aspectos que consideramos primordiais para acadar unha aprendizaxe máis inclusiva e motivadora: **as áreas de interese** e os **estilos expresivos** do alumnado.

Por un lado, analizamos que temáticas xeraban máis **interese** entre o alumnado, co fin de que as áreas máis destacadas actuasen de motor de motivación, pero tamén co obxectivo de integrar aqueles campos temáticos que suscitaban maiores reticencias ou rexeitamento.

Como se observa na gráfica, o alumnado de 1º da ESO manifestou un grande interese cara á informática, os deportes ou o traballo con produtos audiovisuais –fotografía, vídeo...–, así como cara ás Ciencias




Naturais e as Artes Plásticas; pola contra, outras áreas como a Historia ou a Igualdade figuran entre as porcentaxes máis baixas; de aí que algunhas das finalidades do proxecto teñan que ver coa creación de produtos de audio e vídeo cun alto valor artístico en canto á xeración de pensamento propio ou á inclusión da compoñente emocional e que parte do proceso de ensino se desenvolvese na propia natureza, a partir de andainas pola contorna e con traballos moi ligados ao estudo das Ciencias Naturais. Porén, era importante integrar actividades que lle amosasen ao noso alumnado a importancia do estudo de campos como a Historia, desligada da “datofaxia” ou estudo memorístico e mecánico que impera en moitos libros de texto, e facer un traballo de posta en valor das fontes, de salvagarda da memoria colectiva ou que partise da reflexión sobre o noso pasado máis próximo.

Estes coñecementos, conxugados co adestramento de destrezas relacionadas coa música (o canto coral, a creación de ritmos...), permitiunos romper coa rixidez asociada á aprendizaxe de determinados contidos e, alén diso, tratar de xeito transversal cuestións sobre a igualdade. As actividades relacionadas co canto e coa interpretación musical implican un nivel de exposición que permite traballar de xeito moi profundo aspectos como a empatía, a timidez, as diferenzas de xénero na adolescencia, a natureza das “capacidade artísticas”, a sensibilidade etc., presentes neste tipo de pezas artísticas.

Por outro lado, outro dos nosos obxectivos era a **inclusión** e a **personalización** do proceso de ensino-aprendizaxe. Para isto era crucial atender, ao longo de todo o desenvolvemento do proxecto, aos diferentes **estilos expresivos do alumnado**, entre os cales primaban, con moita diferenza respecto ao resto, os estilos escrito, oral e audiovisual, o que deixaba en desvantaxe aquel alumnado cuxas fortalezas radican noutras formas de expresión como a manipulativa —presente nos procesos de rexistro, no traballo das siluetas do elementos do monte, na creación do caderno de campo...—, o artístico —integrado nos procesos de xeración de pensamento creativo para os lemas dos produtos, nos propios deseños xerados, na investigación sobre os ritmos musicais....—, a expresión dramatizada —á que se atendeu no adestramento do canto vocal, nas actuacións para as gravacións de vídeo e de audio...—, o gráfico-esquemático —visible nos procesos de clasificacións das evidencias rexistradas, no deseño e organización dos produtos audiovisuais...— ou o estilo expresivo de servizo —incluído na recollida e rexistro das cantigas populares—.

A respecto da metodoloxía, cómpre destacar que no desenvolvemento do proxecto priorizouse a **cultura colaborativa** no profesorado e no alumnado e tendo en conta os diferentes **escenarios de ensino-aprendizaxe** —presencial e telemático—. Para iso creouse na **plataforma de EVA-Edixgal** un espazo dedicado ao proxecto, que incluíu as instrucións, pautas e actividades propostas desde as diferentes materias, de xeito que o alumnado —e profesorado— percibise a integración e colaboración de ambas as disciplinas, tanto na construción como na avaliación formativa desta proposta pedagóxica.

En definitiva, os piares que sustentan a organización, desenvolvemento e metodoloxía deste proxecto son, como xa mencionamos, a **inclusión** e a **personalización** do proceso de ensino-aprendizaxe, partindo dos **talentos, fortalezas e diversidade** do noso alumnado, observables nos seus **intereses e estilos expresivos** e materializado a través da



diferenciación curricular, é dicir, intentando abordar a variación e a diferenza das alumnas e dos alumnos na aula a través de múltiples enfoques que modifican a instrución e o currículo para satisfacer as necesidades individuais dos estudantes. Carol Ann Tomlinson fixo fincapé en que, cando os/as profesores diferencian o currículo, deixan de actuar como dispensadores de coñecemento e, no canto diso, comezan a servir como organizadores de oportunidades de aprendizaxe.

Co fin de comprobar se estes obxectivos se acadaron no noso deseño pedagóxico, efectuouse unha avaliación dos parámetros que, segundo Tomlinson, definen unha aula diferenciada, e reflexionouse sobre se o presente proxecto estableceu diferenciacións no contexto, nos produtos, nos contidos, nos procesos e nos docentes implicados (véxase o apartado sobre a avaliación).



6 Xestión e temporización

O proxecto programouse para ser desenvolvido nun tempo aproximado de 20 semanas durante o curso académico 2020-2021. A temporización do proceso pódese observar no calendario que se amosa a continuación e que integra a planificación das andainas, pequenas investigacións, actividades específicas desenvolvidas en cada unha das materiais, os tempos de ensaios de canto coral, as gravacións dos materiais audiovisuais etc.

	L	M	M	X	V	S	D	
	OUTUBRO							
S1	28	29	30	1	2	3	4	
S2	5	6	7	8	9	10	11	
S3	12	13	14	15	16	17	18	
S4	19	20	21	22	23	24	25	
S5	26	27	28	29	30	31	1	
	L	M	M	X	V	S	D	
	NOVEMBRO							
S6	2	3	4	5	6	7	8	
S7	9	10	11	12	13	14	15	
S8	16	17	18	19	20	21	22	
S9	23	24	25	26	27	28	29	
	L	M	M	X	V	S	D	
	DECEMBRO							
S10	30	1	2	3	4	5	6	
S11	7	8	9	10	11	12	13	
S12	14	15	16	17	18	19	20	
	21	22	23	24	25	26	27	
	28	29	30	31	1	2	3	
	L	M	M	X	V	S	D	
	XANEIRO							
S13	4	5	6	7	8	9	10	
S14	11	12	13	14	15	16	17	
S15	18	19	20	21	22	23	24	
S16	25	26	27	28	29	30	31	
	L	M	M	X	V	S	D	
	FEBREIRO							
S17	1	2	3	4	5	6	7	
S18	8	9	10	11	12	13	14	
S19	15	16	17	18	19	20	21	
S20	22	23	24	25	26	27	28	

 Días festivos ou non lectivos

 Presentación xeral: Historia, Bioloxía E. Plástica

 Fase investigación. Cantigas de monte.

 Fase investigación. Rexistro audiovisual.

 Fase rexistro. Transcrición letras.

 Fase selección. Posta en común. Avaliación

 Creación covers. Escoita previa e probas afinación.

 Andaina grupo 1. Ensaio cantiga 1.

 Rexistro evidencias. Ensaio cantiga 1

 Andaina grupo 2. Ensaio cantiga 2.

 Rexistro evidencias. Ensaio cantiga 2. Avaliación

 Prensado e traballo de deseños. Ensaio

 Prensado e traballo de deseños. Ensaio

 Actv. Rutina de pensamento. Xeración de ideas

 Creación caderno de campo. Ensaio

 Creación caderno de campo. Ensaio

 Creación caderno de campo. Ensaio. Avaliación

 Gravación de voces. Sesións individuais e en grupo.

 Gravación de vídeos.

 Gravación de vídeos. Actv. Rutina de pensamento.

 Avaliación final.


7 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

A dirección do centro educativo acometeu un grande esforzo na adecuación dos espazos e horarios para unha dinámica de traballo máis flexible e interdisciplinaria, capaz de potenciar o traballo cooperativo entre o profesorado das materias involucradas no proxecto.

7.1 Profesorado participante.

Funcións e tarefas das persoas implicadas

O deseño e desenvolvemento do proxecto estivo titorizado desde tres departamentos didácticos do centro educativo: o Departamento de Xeografía Historia, a cargo da profesora Diana Vilas, con ampla experiencia na coordinación de proxectos educativos; o Departamento de Educación Plástica Visual e Audiovisual, coa profesora Olalla García, titora dun dos grupos de 1º da ESO e coordinadora do Equipo da Biblioteca do centro; e o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, coa profesora María Romano, titora tamén do outro grupo de 1º. Ademais, contouse coa colaboración do Equipo de Biblioteca e do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, do que as anteditas docentes forman parte; así como do persoal de conserxaría e dos cargos directivos, que realizaron un enorme esforzo de coordinación.



7.2 Alumnado participante

O proxecto realizouse con 39 alumnas e alumnos de 1º da ESO, divididos en dous grupos: o curso de 1º da ESO A, que consta de 23 alumnos/as, titorizado por María Romano e o grupo de 1º da ESO B, con 16 alumnos/as, titorizado por Olalla García.



Andaina cun dos grupos de 1º da ESO

7.3 Outros membros da comunidade educativa

Foi fundamental a cooperación das familias no proceso de rexistro de cantigas cos avós, as avoas e persoas próximas ao alumnado, así como na concesión dos diversos permisos para as saídas e execucións dos proxectos a partir das imaxes e actuacións da rapazada. En todo momento, as familias do noso alumnado apoiaron esta iniciativa por entender que este comprende uns valores pedagóxicos que desbordan o académico e que son esenciais na formación da mocidade.

Os membros da Dirección do centro, ademais de flexibilizaren o uso de espazos e horarios entre o profesorado das diversas materiais, estableceron reunións periódicas entre os membros do Equipo da Biblioteca escolar, os membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e os membros do Equipo de Igualdade do centro, co fin de establecer xuntanzas dunha hora semanal para a coordinación das actividades desenvolvidas no centro e a xestión dos programas de formación executados no presente curso académico; entre eles o contrato-programa Iguálate, do que tamén forman parte as profesoras que titorizaron o proxecto.

8 Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto

Dispóñense a continuación os recursos materiais empregados nos produtos xerados.

Equipo de gravación e edición de audio en interior

Micrófono de condensador usb/*podcast* para gravación de estudio, iPad e aplicacións dixitais para a edición de audio (Audacity e Garageband).

Cadernos de rexistro

Cadernos de campo de distintos formatos, láminas de debuxo, lapis de durezas variables, lapis de cores, rotuladores, ceras e outros materiais de expresión plástica.

Materiais para a recollida e prensado de follas

Bolsas, carpetas, prensas botánicas de madeira.

Espazos da biblioteca

Aula croma e mobiliario de apoio.

Equipo de iluminación

focos LED, paraugas difusores e fondo branco (pantalla de proxección).

Equipo de gravación e edición de vídeo

iPads, trípodes, adaptadores para iPad para trípodes e programas de edición *iMovie* e *Stop Motion*.

Equipo de fotografía e gravacións en exterior

móviles, cámaras compactas, cámaras réflex e iPads.

Aula Virtual (Edixgal)

9 Orzamento. Xustificación e desagregación

O IES Illa de Ons conta cunha traxectoria de compromiso constante coa aprendizaxe baseada en proxectos para promover a dinamización da lingua galega, a igualdade e a mellora nas competencias socioemocionais do noso alumnado, a través da creación de produtos innovadores que favorecen a aprendizaxe no uso das novas tecnoloxías. Así, co obxecto de conseguir os medios técnicos profesionais apropiados aos estándares de calidade que se pretenden con este proxecto, é fundamental a aposta da dirección do centro no tocante á dotación de materiais que perpetúen a posibilidade de continuar co desenvolvemento deste tipo de propostas interdisciplinarias.

Sistema de soporte portátil para fondos reforzado	195 €	2.121 €
Barra telescópica transversal para fondos 3,8 metros	44 €	
2 Fondos de papel branco, gris medio e negro 2,75 x 11 m (77 € u.)	231 €	
4 Paneis de absorción acústica de dúas seccións de 1.670 x 609 x 38 mm (218 € ud).	872 €	
Paquete de 2 micrófonos de membrana grande AKG C214 estéreo	599 €	
4 paquetes de micrófonos condensadores pequenos para dispositivos móbiles (jack 3.5mm x 2) con soporte para móbil e trípode de mesa (45 € u.)	180 €	

10 Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas

Destaca a colaboración de diversos axentes culturais nos traballos de pescuda sobre as cantigas tradicionais (letras, melodías, ritmos...), como Martiño Malleiro, músico de jazz e música tradicional galega e profesor de acordeón e clarinete na Asociación Cultural Trépia; Teresa Domínguez Domínguez, da Agrupación folclórica Celme, en Pontevedra; Felicitas San León Martín, membro durante moitos anos da Asociación Cultural Xacarandaina, da Coruña; canda persoas que co seu saber sobre a temática enriqueceron o noso coñecemento neste campo, como Jesús Rodríguez Rodríguez ou Francisco Abollado Fernández.

Tamén existiu unha colaboración intercentros, a través da achega ao proxecto de Ana Justo Herrero, profesora de Música no IES Maximino Romero de Lema (A Coruña), que creou unha peza de piano orixinal para a cantiga interpretada polo alumnado no vídeo #SonMonte2, e que está a implementar no seu centro o proxecto, a partir das directrices, *covers* e diversos materiais xerados polo profesorado e alumnado do IES Illa de Ons.

No marco da celebración do Día da Muller e da Nena na Ciencia (11 de febreiro), o alumnado de 1º da ESO recibiu unha charla sobre a fecundación "in vitro" de árbores, impartida pola científica Doña Nieves Pilar Vidal González (Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia). Esta actividade buscou darlle unha maior visibilidade ao traballo das mulleres na ciencia e promover prácticas que favorezan a igualdade, ao tempo que lle achega ao alumnado a maneira de traballar dos/as científicos/as a través da experiencia persoal destas mulleres de ciencia.



Charlas científicas desenvolvidas no marco do proxecto e co motivo da celebración do Día das Muller e da Nena na Ciencia

11 Medidas de difusión do proxecto

Para organizar e coordinar o alumnado e os membros da comunidade educativa participantes no proxecto, foi preciso xerar canles de comunicación directa, empregando medios e contornas dixitais para

informar e traballar de forma cooperativa e para apoiar a aprendizaxe individual ou colectiva. Así, na plataforma de EVA Edixgal creouse un proxecto a modo de tema interdisciplinario no que se foi publicando toda a información, letras, cancións, actividades, anuncios etc., relacionados co proxecto.

A difusión do proxecto realizarase polas canles que habitualmente utilizamos no centro para dar a coñecer as actividades desenvolvidas nel: o blog da Biblioteca, a aula virtual do centro, a páxina web, a revista *Umbrela* (editada anualmente polo Equipo de dinamización da Lingua Galega) e a través da nosa canle de Youtube. Ademais, presentarase o traballo no Concello de Bueu, nos centros da contorna e nos demais centros educativos do territorio galego, a través do foro Plambe (espazo de comunicación entre os coordinadores das Bibliotecas escolares dos centros integrados no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares de Galicia), e ofrecerase, tanto de xeito presencial como a través de xuntanzas en liña, información sobre el e sobre as múltiples posibilidades de aplicación que ofrece.



Ensaiano as cantigas na aula




Alumnado deseñando o caderno de campo. Imaxes usadas no vídeo #SonMonte2

12 Plan de avaliación. Criterios e indicadores para a avaliación e Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

Na valoración deste proxecto interdisciplinario existen procesos de avaliación moi diversos. Ademais da avaliación da consecución dos obxectivos específicos de cada actividade, realizadas desde as diferentes materias a partir de rúbricas de desempeños concretos, realizouse unha avaliación final co alumnado a partir da técnica "AEIOU" para comprobar o grao de atención, emoción, interese, organización e utilidade (en canto ao uso e valoración da lingua galega) suscitados por este. Con todo, consideramos importante tamén acometer unha autoavaliación do propio proceso de ensino-aprendizaxe mediante unha revisión das dimensións da diferenciación curricular implementadas no proxecto.

Resultados da avaliación "AEIOU" ao final do proceso:



Consideramos que a autoavaliación debe revisar as dimensións da diferenciación curricular do proxecto e para iso establecéronse os seguintes indicadores:



CONTEXTO

- Existen diferentes tipos ou posibilidades de agrupamentos?
- Empréganse diferentes espazos ou localizacións ao longo da tarefa?
- Modifícanse os roles dos participantes no desenvolvemento da tarefa?
- Adáptanse os tempos ao alumnado e ao tipo de actividade?
- Os recursos materiais son variados, versátiles, auténticos, adaptados?
- Xérase un clima emocional divertido, emocionante e motivador?



PRODUCTO

- ✎ Existen produtos en diferente soporte ou estilo expresivo?
- ✎ Existen produtos de diferente grao de dificultade de execución?
- ✎ Permítese a escolla de diferente grao de dificultade de execución?
- ✎ Permítese a escolla do formato/canle da expresión do coñecemento?
- ✎ Admítese a presentación da información adaptada ao nivel individual?
- ✎ Preséntase a información ou coñecementos a distintas audiencias?



CONTIDO

- ✎ Existen actividades simples e complexas?
- ✎ Empréganse fontes de información de distintos niveis de complexidade?
- ✎ Permítese o afondamento individual no contido que se estuda/investiga?
- ✎ Permítese o afondamento en grupo no contido que se estuda/investiga?
- ✎ Foméntase a relación entre ideas, coñecementos e experiencias?
- ✎ Ofrécese preguntas de resposta pechada e aberta?
- ✎ Ofrécese cuestións ou problemas de final aberto?



PROCESOS

- ✎ Existen diferentes formas de ensinanza do profesorado?
- ✎ Planifícanse actividades que atendan aos diferentes ritmos de traballo?
- ✎ Planifícanse actividades que atendan aos diferentes intereses?
- ✎ Hai actividades con distinto grao de axuda dos pares e do profesor/a?
- ✎ Hai actividades para realizar de forma totalmente autónoma?
- ✎ Inclúense distintos procedementos e instrumentos de avaliación?
- ✎ Inclúense distintos momentos e axentes avaliadores?
- ✎ Preséntanse unha secuencia flexible de traballo?
- ✎ Introdúcense actividades motivadoras da aprendizaxe?



DOCENTE

- ✎ Adquire diferentes roles durante o desenvolvemento do traballo?
- ✎ Guía e orienta o alumnado durante o proceso de ensino-aprendizaxe?
- ✎ Bríndalle apoio diferenciado a cada equipo ou alumno/a?
- ✎ Crea ou improvisa novos recursos e actividades durante a propia tarefa?
- ✎ Dinamiza e promove un clima emocional favorable para a aprendizaxe?
- ✎ Comparte as súas propias experiencias e intereses na aula?



Nome da Iniciativa

#SonMonte

Centro educativo no que se desenvolve

IES Illa de Ons, Bueu

Docentes responsables da iniciativa

Diana Vilas, Dpto. Xeografía e Historia
Olalla García, Dpto. Educación Plástica
Visual e Audiovisual
María Romano, Dpto. Bioloxía e Xeoloxía

Data de inicio e finalización da iniciativa

Curso académico 2020-2021

Número de alumnado implicado

39